

Necrose

Carlos NEGRO

Notas previas a unha Novela-Río

O tempo da historia abrangue tres xeracións.

O tema:

a desposesión violenta dos nomes da terra,
o cambio de valor das propiedades rústicas
–do cultivo de millo á especulación urbanística–.

A trama:

a disgregación da tribo en células unifamiliares,
en parellas de extrarradio que asinan hipotecas
a máis longo prazo ca os compromisos de amor.

O estilo:

unha sucesión fragmentaria de impactos visuais,
unha ruptura cos recursos do real marabilloso,
pois as traves de ouro xa non sosteñen a historia.

Un título hipotético: *Cidade dormitorio*.

Úlcera Textual

As análises constatan a evidencia dos feitos:
escribo desde os restos dunha cosmovisión agraria.

Por iso o texto se me contaxia de materia orgánica,
levanta acta de palabras encistadas nas entrañas.


Mais o poema non quere ser arqueoloxía saudosa,
tampouco pretende unha semántica da melancolía.

Trátase, máis ben, de acotar os perímetros da ausencia,
de indicar o punto exacto onde a perda gangrena a memoria.

–Xusto nos íntimos tecidos onde avanza a necrose,
nos territorios infectados pola desposesión–

Cito: *lévedo coallo bosta zorza farelo trigo...*
(palabras que portan un virus retroactivo)

Diagnóstico: unha úlcera cultural que me desangra.

*Carlos Negro**Poesía***Porca Terra**

Mentres a vida acontece,
–co repertorio de ausencias
que o tempo administra–
este poema acolle
un esquema de novela
–unha saga familiar–
sobre como unha estirpe
de raíces labregas
deriva socialmente
da leira minifundista
ao chalet acaroadado,
da horta das nabizas
ao xardín con barbacoa.

Mentres a vida acontece,
–e constata a ruína
da memoria tribal–
este poema escolle
unha actitude distante
como forma de estilo:
pois a emotividade,
–a carraxe pola perda
das raíces profundas–
non debe perturbar
a trama de sucesos
que converte o texto
en espello da derrota.

